

Perigo: Banco Sabadell despide por nada

COMFIA-CCOO non aceptamos as prácticas arbitrarias de destrución de emprego. Non o podemos dicir máis claro, pero si máis alto, a ver se así o conselleiro delegado e o presidente o entenden mellor.

- RR HH e RR LL pediron aos territorios que lles pasen «nomes» dunha listaxe de empregados de pouca antigüidade. Os «escollidos» reciben unha carta de despedimento; son despedimentos improcedentes, pero moi baratos. Os despedimentos estanse producindo acotío. Non nos consta que o mandato de confeccionar «a listaxe» xere protestas por parte das direccións rexionais. Non sabemos se é porque contan con incentivos para levar a cabo esta tarefa ou porque **están de acordo en despedir outros, sen pensar que os próximos poderían ser eles ou elas.** Todas as persoas deberíamos lembrar que participar en políticas arbitrarias que destrúen emprego é perigoso porque implica un desprezo grande polos dereitos das persoas, e esas condutas son contaxiosas.

- **En moitos dos despedimentos argumentase: baixa produtividade.** Nestes momentos de crise, seguramente a todos nos poden despedir con ese argumento. Nesa liña de razoamento, os primeiros que deberían ser despedidos son os máximos responsables do banco, que non saben xestionalo para acadar os resultados desexables. Se a crise non é excusa para xustificar despedimentos por baixa produtividade, moitísimo menos debe selo para os que **perciben salarios espectaculares por dirixir esta empresa e non son quen de mellorar o negocio.**

- Na liña dese talante despectivo para os usos democráticos e socialmente responsables,

ningunear os representantes legais dos traballadores cando lles preguntamos se temos problemas de emprego ou económicos co fin de buscar solucións negociadas e non traumáticas.

- Banco Sabadell é alleo ao comportamento laboral do sector bancario e incluso do resto de sectores. Nesta conxuntura social de crise, todas as empresas están preocupadas polos seus resultados e, se teñen problemas, se lle expoñen á representación laboral e sentan a negociar a mellor solución. **Na banca, as empresas esfórzanse en non usar medidas traumáticas e recorren a prexubilacións legais cos seus empregados de máis idade e ofrecen baixas incentivadas voluntarias e compensadas aos máis mozos. Aquí non. Banco Sabadell nin negocia nin acorda, aproveita a crise para despedir.** Estamos certos de que máis do 70% do traballo que se desenvolve no departamento de RR LL consiste en botar persoas á rúa, xa sexa cos despedimentos «da listaxe», xa sexa despedindo empregados de idade avanzada nun «basto simulacro» de prexubilación con despedimento, que leva os empregados ao paro. Banco Sabadell é o banco que para reestruturar o seu cadro de persoal colle máis diñeiro das arcas do Estado para mellorar os seus resultados, algo moi preocupante porque non sabemos se reflicte dificultades máis serias na xestión da empresa.

- Como RR HH depende directamente do conselleiro delegado, está claro que se trata dunha política aprobada no Comité Executivo.
- Repetimos que se esta empresa ten dificultades alleas ao resto do sector, imputables a políticas erráticas, a quen se debe despedir é os seus máximos responsables. Se, pola contra, e así o cremos nós, os nosos problemas son os estruturais e comúns do sector e da actual crise, cominámoslos a que deixen de «actuar coma

voitres» e gañen de verdade os premios de «responsabilidade» que lles regalan; e para iso, señores, o que deben facer é negociar cos representantes dos traballadores medidas razoables que axuden á sustentabilidade desta empresa sen recorrer sempre á agresión aos traballadores.

Marzo de 2009

Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > [http:// www.comfia.net/bs/](http://www.comfia.net/bs/)

Boletín de afiliación

Enviar a ➔ 3532-0002

Data.....

Nome e apelidos

DNI correo electrónico

Dirección

Poboación

Código postal

Domiciliación bancaria:

Entidade _____ Oficina _____ DC _____ Conta _____

Sinatura:

PROTECCIÓN DE DATOS:

Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como —en todo caso— á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: <http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html>. A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para che remitir información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO (<http://www.ccoo.es>) dos ditos acordos e dos datos desas entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12. 28010. Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Se tes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a lodp@ccoos.es ou chamar por teléfono ao 917028077.